



PROXECTO: "Xogos e deportes alternativos: unha visión diferente da educación física"

CENTROS PARTICIPANTES:

- ◆ IES TERRA DE SONEIRA (Vimianzo)
- ◆ IES Plurilingüe FONTEXERÍA (Muros)
- ◆ IES AS INSUAS (Muros)
- ◆ A sesión desenvolverase nas instalacións deportivas do IES AS INSUAS, IES FONTEXERÍA e no espazo público coñecida como Poxo do Cachón, a 5 minutos andando desdo os centros mencionados.
- ◆ DATA PREVISTA: 26 de maio de 2023
- ◆ HORARIO: de 10:10 a 14:10 (aprox., ter en conta o tempo dos desplazamentos, e horarios de buses)
- ◆ CURSOS AO QUE VAI DIRIXIDO: 3º ESO
- ◆ N.º de alumnado participante:
 - ◆ IES FONTEXERÍA: 38
 - ◆ IES TERRA DE SONEIRA:35
 - ◆ IES AS INSUAS: 28

DESCRICIÓN:

Esta actividade responde á necesidade dun grupo de docentes de continuar desenvolvendo experiencias didácticas prácticas, xerando sinerxias a través da convivencia, fomentando a investigación, o intercambio e a aplicación na aula de experiencias innovadoras na área de Educación Física.

A xornada levarase a cabo seguindo a dinámica de formación entre iguais, na que os participantes expoñerán os coñecementos, de forma que o resto participe de forma activa.

OBXECTIVOS:

- Facilitar o intercambio de experiencias en Educación Física
- Descubrir novos contidos aplicables en Educación Física
- Dar a coñecer e fomentar a práctica destes deportes moito menos coñecidos.

- Buscar dinamizar a práctica en contextos significativos próximos á realidade tanto nos espazos deportivos como na convivencia con compañer@s doutros centros escolares.

CONTIDOS:

- Xogos e deportes alternativos: smashball, colpball, datchball, rugby cinta.
- Situacións de aprendizaxe adaptadas
- Traballo cooperativo como fío condutor
- Desenvolvemento e adquisición de competencias clave.